

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN  
ENFEITAR O CEO / *Abillar el cel*

LLETRES GALLEGUES UB / *Letras galegas UB\_3*



Directora de la col·lecció: María Xesús Lama  
Selecció: MARÍA XESÚS LAMA  
Traducció: EDUARD DEL CASTILLO VELASCO

imatge de portada: Florencio Delgado Gurriarán (al centre de la foto) a bord del vaixell Ipanema de camí a l'exili.  
Amb ell, entre d'altres sense identificar, sabem que estan Roxelio Rodríguez de Bretaña, Andrés Valín, Carlos Tomé,  
Xoán López Durá, Serafín Ferro (estirat en primar pla) i Elixio Rodríguez (a la dreta, amb boina)

imatge de la portadella: ANXO BARANGA

© dels textos: Fills de Delgado Gurriarán  
© de la traducció: Eduard del Castillo Velasco

Edició no venal

CCBY-NC-SA Estudis Gallegos i Portuguesos, Universitat de Barcelona / Chan da Pólvora, 2022

Col·labora:  
Secretaria Xeral de Política Lingüística, Xunta de Galicia.





FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

Abillar el cel  
*Enfeitar o ceo*

SELECCIÓ DE MARÍA XESÚS LAMA  
TRADUCCIÓ D'EDUARD VELASCO

LLETRES GALLEGUES UB / *Letras galegas UB\_3*

CHAN DA PÓLVORA EDITORA

2022

## GALICIA INFINDA

Galicia é infinda!  
Nosa Galicia é máis que toda a Terra.  
Non é xa o cativo currunchiño  
que din escolas vellas.  
Cómprenos desbotar antigos erros  
fillos de mente estreita.  
Galicia é infinda!

Bela estrada de ensoños  
con macádam de estrelas,  
a Vía Láctea é camiño  
que leva a Compostela,  
hoxe e outrora faro,  
a cibdade ecuménica  
que alumou, na Europa,  
tebras da Idade Meia.

Polo mundo espallados  
van os netos dos celtas.  
dende a austral Buenos Aires  
á parroquia labrega;  
do New-York buligante  
ás indianas ribeiras;  
da pelica de touro  
ata a China de lenda...  
Dende o berce sabido  
á final covas incertas:  
os boscos do amazonas,  
carpaceiras brañegas,  
do Courel as searas,  
cais da beira do Sena,  
de Hong-Kong as baiúcas,

## GALÍCIA INFINITA

*Galícia és infinita!  
És la nostra Galícia més que tota la Terra.  
Ja no és pas aquell racó esquifit  
que diu la vella escola.  
Fa falta refusar els antics errors  
fills de les ments estretes.  
Galícia és infinita!*

*Bella ruta de somnis  
amb macadam d'estels,  
la Via Làctia és camí  
que porta a Compostel·la,  
far d'avui i d'un temps,  
la ciutat ecumènica  
que il·luminà, a Europa,  
tenebres medievals.*

*Pel món, disseminats,  
corren els nets dels celtes,  
de l'austral Buenos Aires  
fins al poble pagès;  
des del New-York bullent  
a les ribes indianes;  
des de la pell de brau  
a la mítica Xina...  
Des del bressol sabut  
al final clot incert:  
els boscs de l'Amazònia,  
esteperars humits;  
del Courel, camps de sègol,  
els molls al llarg del Sena,  
de Hong-Kong les tavernes,*

as viñas valdeorresas,  
coqueirás das Antillas  
augas bacalloeiras...  
Agros, mares e montes,  
vilas, cibdades, cities, towns, aldeias,  
os recantos do Mundo...  
Todo é terra galega!  
Galicia é infinda!

Noso meirande río non é o Miño,  
galán a namorar moza ribeira,  
nin o Sil, gabancioso do seu ouro  
e do seu belo enfeite de cepeiras.  
O Gulf Stream é o noso río meirande:  
ría que rega as xirxilantes veigas  
e os carreiros de escuma  
que ás sereias gorentan;  
o dos risos de choiva,  
garimoso de névoas,  
que anda a apalparlle os peitos ás montañas  
para folgarse coelas,  
e, afoutado, cobrilas,  
para ser pai de regueiros e fontenlas.  
Galicia é infinda!

Nosa Galicia é máis que toda a Terra.  
Galicia só limita coa Saudade, elástica fronteira  
-onde un galego está, atópase ela-,  
mais que ninguén atravesala pode  
inda que leve nos papeis: Poeta.

*Galicia infinda (1963)*

*vinyes de Valdeorras,  
cocotars antillans,  
aigües bacallaneres...  
Hortes, mars i muntanyes,  
viles, aldees, ciutats, cities, towns,  
tots els topants del món...  
Tot és terra gallega!  
Galícia és infinita!*

*El nostre riu més gran no és pas el Miño,  
galant festejador d'una jove ribera,  
tampoc el Sil, presumit del seu or  
i del formós guarniment seu de ceps.  
El Gulf Stream és el més gran riu nostre:  
riu que rega els conreus efervescents  
i els corriols d'escuma,  
esplai de les sirenes;  
el dels riures de pluja,  
de boires amorós,  
que va palpant els pits de les muntanyes  
per divertir-se amb elles,  
i, atrevit, cobrir-les  
per ser pare de fonts i de rierols.  
Galícia és infinita!*

*És la nostra Galícia més que tota la Terra.  
Galícia només llinda amb l'enyoança, elàstica frontera  
-on hi ha un galleg, ella també s'hi troba-,  
però ningú no la pot travessar  
encara que als papers dugui: Poeta.*

*Galicia infinda (Galicia infinita), 1963*

## VENTE, VENTIÑO DO NORTE

Vente, ventiño do norte,  
vente, ventiño norteiro  
a cantarme nos ouvidos  
a canzón do frío inverno:  
traime lembranzas dos montes  
de branca neve cubertos;  
de parte da branca neve  
ven darmo xiado beixo,  
que máis quero aterecer  
ao contacto dos teus beizos  
que santi-los agarimos  
de ventos moles e tépedos;  
das árbores que apouwigas,  
por facerte cos brinquedos  
de amarelas follas murchas,  
trai a min o bruar fero;  
traime os laios musicaes  
das xestas e dos piñeiros,  
pois quero ouvir da montaña  
o baril belo concerto;  
quero trocar a moleza  
e dozura do bon tempo,  
polos aspros aloumiños  
do barudo e forte inverno;  
quero que rente a min chegues  
cantando o canto guerreiro  
do norte e quem cheo de azos  
amátelos canto meigo  
do brando sul, teu nemigo:  
quero verte de min perto;  
quero ese teu bruar rouco,  
non o carpir silandeiro

## VES VENINT, VENTET DEL NORD

*Ves venint, ventet del nord,  
ves venint del nord, ventet  
a cantar-me a cau d'orella  
la cançó de l'hivern fred:  
porta'm records dels turons  
de neu blanca ben coberts;  
de part de la blanca neu  
vine a fer-me un bes gelat,  
que m'estimo més glaçar-me  
en contacte amb els teus llavis  
que no sentir les carícies  
de vents tebis i suaus;  
dels arbres que fueteges,  
per quedar-te amb les joguines  
de grogues fulles marcides,  
porta'm el bramul ferest;  
du-me els laments musicals  
dels pins i de les ginestes:  
vull sentir de la muntanya  
l'enèrgic i bell concert;  
la mol-lície vull canviar  
i la dolçor del bon temps  
per les asproses moixaines  
del fred i robust hivern;  
vull que em vinguis a la vora  
tot cantant el cant guerrer  
del nord i que, ple de força,  
ofeguis l'enciser cant  
del sud tou, ton enemic:  
vull veure't ben a prop meu;  
vull aquests teus bramuls roncs,  
no pas el planys silenciós*

e feminino da bris  
maina cal choro de neno.  
E pois non quero tenruras  
a túa amizade quero:  
vente, ventiño do norte,  
vente, ventiño norteiro,  
vente, ventiño do norte,  
sera-lo meu compañeiro.

*Bebedeira (1934)*

*i femení de la brisa  
calmosa com plor de nen.  
I, com que no vull tendreses,  
jo vull la teva amistat:  
ves venint, ventet del nord,  
ves venint del nord, ventet,  
ves venint, ventet del nord,  
que seràs el meu company.*

*Bebedeira (Embriaguesa), 1934*

## TRISTURA DO SOUTO MUDO

Ao recendo da candeia  
dos petrucios castiñeiro  
(enxebre, da terra, aroma),  
os reiseñores afeitos  
estaban, cando de lonxe  
arbres alleas viñeron  
de cheiro de meiciña  
e follas de coiro rexo.  
E dos soutos  
os reiseñores correno,  
non aturando  
aqueles estranos cheiros  
-só querían  
enxebres vellos recendos-  
Dende aquela  
ficou o souto en silencio;  
sen paxaros  
morreron os castiñeiro  
e agarimo  
nas caracochas, o vento  
non atopou, e si en troque  
firentes verdes coitelos.  
¡Probes castiros petrucios  
tristes paxaros trobeiros;  
coitados ventos do monte  
abafados, sen alento  
da candeia,  
nin a sombra dos castiñeiro!

...

...

## TRISTESA DE LA MUDA CASTANYEDA

*A l'olor de les candeles  
dels castanyers més antics  
(aroma pur de la terra),  
hi estaven acostumats  
els rossinyols, quan, de lluny,  
arbres aliens vingueren  
amb ferum de medecina  
i fulles de dura pell.  
I, dels boscs,  
els rossinyols escaparen,  
no aguantaven  
aquella ferum estranya  
–sols volien  
pures i velles fragàncies.  
I llavors,  
va quedar el bosc en silenci;  
sense ocells,  
van morir-se els castanyers  
i d'afecte,  
als forats dels troncs, el vent  
no en va trobar, i sí, en canvi,  
feridors ganivets verds.  
¡Pobres castanyers antics,  
tristos ocells trobadors;  
pobres vents de la muntanya,  
sufocats i sense alè  
de candeles,  
ni l'ombra dels castanyers!*

...

...

Arbres de pel esfolada  
-sempe a apouvigá-los ceos-  
arroubáronlle aos castiros  
seu asento.

Novo rico da campía,  
circio e baril estranxeiro,  
o eucalipto  
veu a trunfar dos antergos  
toros de rañada codia  
e perfumado cabelo,  
das cerdeiras,  
dos carballos e dos freixos,  
das fogueiras pequenotas  
e os ridentes amieiros,  
e somente  
o marmulador piñeiro  
-o verde e lanzal soldado  
centinela dos penedos,  
seu alerta  
decote a cantarlle ao vento-  
dende a costa  
-do escumante pazo inquedo  
do mar, cacique alteiroso,  
nos namorantes lindeiros-,  
dende a costa,  
sostén un loitar esgrevio,  
sostén unha guerra a morte  
co asoballador dos eidos.

...      ...

*Arbres de pell escorxada  
-sempre fuetejant els céls-  
als castanyers van robar-los  
el seu lloc.*

*El nou ric de les pastures,  
recte i robust estranger,  
l'eucaliptus,  
va venir a vèncer els antics  
troncs de ratlles a l'escorça  
i de cabells perfumats  
dels cirers,  
i dels roures i dels freixes,  
de les figueres menudes  
i els esponerosos verns,  
i només  
és el murmurador pi  
-el soldat esvelt i verd,  
sentinella a les cingleres,  
son alerta,  
tothora cantant al vent-  
costaner  
-de l'inquiet palau d'escuma  
del mar, cacic alterós,  
als enamoradors límits-,  
costaner,  
qui sosté una lluita noble,  
qui sosté una guerra a mort  
contra l'opressor dels camps.*

...      ...

Tristura do souto mudo,  
seráns sen cantares tenros,  
aspras pólás sen paxaros  
-congoxas para o meu peito-  
outonos e primadeiras,  
quentes vrans, fríos invernos,  
mudas, mudas, silenciosas  
todo o tempo.  
Saudades ten a campía  
polas arbres que morreno  
ao fuxir dos eucaliptos  
os reiseñores troveiros.

*Bebedeira (1934)*

*Tristesa de la muda castanyeda,  
vespres sense cançons tendres,  
aspres branques sense ocells  
-congoixes per al meu pit-  
primaveres i tardors,  
estius càlids, freds hiverns,  
mudes, mudes, silencioses  
tot el temps.*

*Els prats tenen enyorances  
dels arbres que es van morir  
en fugir dels eucaliptus  
els rossinyols trobadors.*

*Bebedeira (Embriaguesa), 1934*

## GUERRILLEIRO

Meu valente,  
varudo mozo galego:  
levas paisaxes nos ollos  
saudades no pensamento,  
muiñeiras nos ouvidos  
e barileza no peito.  
Por ti na Terra querida  
botan gromos os loureiros,  
botan rosas as roseiras,  
os corazois dan latexos  
e os aturuxos, dormidos  
-que é noite de pesadelo-  
Nas gorxas da nosa xente,  
soñan que han de ser despertos  
por teu canto de victoria:

Ai, larelo!  
Velaí vén, velaí vén a Liberdade!

E, AQUEL DÍA,  
han de fuxir os morcegos  
e de suicidarse os sapos,  
en canto se enfeite o ceio  
co azul e o branco máis puros  
e dos roibéns co vermello  
e a lúa, fouce de prata,  
cinga ao máis baril luceiro,  
e os sinos dos bilitroques  
e a viola dos piñeiro  
e os foguetes da candea  
espallen teu trunfo nos ventos  
e haxa nos eidos romaxe

## GUERRILLER

*Valent meu,  
vigorós jove galleg:  
portes paisatges als ulls,  
enyorança al pensament,  
muinyeires a les oïdes  
i gentilesa en el pit.  
Per tu, a la terra estimada,  
treuen rebrots els llorers,  
treuen roses els rosers,  
també bateguen els cors  
i els crits de festa, adormits  
-que aquesta és nit de malson-  
al coll de la nostra gent,  
somien quan el teu cant  
de victòria els deixondeixi:*

*Ai, larelo!  
Mira com ve, com ve la Llibertat!*

*I, AQUELL DIA,  
fugiran els rat-penats,  
es mataran els gripaus  
així que s'abilli el cel  
amb el blau i el blanc més purs  
i, enrogits amb el vermell,  
i la lluna, falç de plata,  
cenyexi l'estel més viu,  
i la viola dels pins,  
les campanes didaleres  
i els coets de les candeles  
t'escampin el triomf al vent  
i hi hagi romiatge als camps*

de reiseñores e merlos  
e dende o alén che sorrián  
os que á Causa a vida deron...

Aquel Día,  
polo teu esforzo rexo,  
voltaráń os aturuxos:  
ai jujuuuuu, ai larelo!

TERRA A NOSA,  
Barudo mozo galego!

*Cancioneiro da loita galega (1943)*

*de rossinyols i de merles  
i del més enllà et somriguin  
els que s'han mort per la Causa...*

*Aquell Dia,  
pel teu esforç valerós,  
tornaran els crits de festa:  
ai jujuuuuu, ai larelo!*

*TERRA NOSTRA,  
vigorós jove galleg!*

*Cancioneiro da loita galega (Cançoner de la lluita gallega), 1943*

## OS LOBOS DA XENTE

De novo os lobos da xente  
andan ceibes pola Terra:  
searas do chan brañego,  
verdes agros das ribeiras;  
a beiramar de feitizo  
-Galiza, Galiza inteira-,  
da pata da besta inmunda  
sintes no chan a macela.  
Coitados vellos petrucios!,  
coitadas naiciñas vellas!,  
coitados orfos cativos!,  
coitadas mozas sinxelas!,  
coitado pobo galego!,  
coitada xente da aldeia!  
Ouh, coitada nai Galiza!,  
ou, coitada Terra Celta!:   
anda a xorra-lo teu sangue  
e tes a carne maltreita  
e o corazón tés ferido  
polo dentamio das feras!  
Maa fada a que che botaron  
que se murchou túa colleita  
e a morte fai nos teus fillos  
seitura de xente esgrevia!  
O abrente de liberdade  
afogou na soma mesta,  
e non cantan os malvises  
nas outrora ricas leiras,  
e os alalás xa calaron  
nas outrora gorxas ledas:  
os aturuxos non ruben  
polas enfestas ladeiras,

## *ELS HOMES LLOP*

*Altre cop els homes llop  
corren lliures per la Terra:  
camps de blat dels sòls humits,  
verdes hortes de ribera;  
les costes encisadores  
–Galícia, Galícia tota–,  
de la bèstia immunda, a terra,  
sents la nafra del trepig.  
Dissortats vells caps de casa!,  
dissortades mares velles!,  
dissortats orfes petits!,  
dissortades humils noies!,  
dissortat poble galleg!,  
dissortada gent de poble!  
Oh, dissort, mare Galícia!,  
dissortada Terra Celta!:   
va brollant la teva sang  
i tens la carn esquinçada  
i les feres t'han ferit  
a queixalades el cor!  
Mal fat, el que t'han tirat,  
que t'ha marcit la collita  
i la mort fa en els teus fills  
una sega de gent noble!  
L'albada de llibertat  
s'ha ofegat dins l'ombra espessa,  
i ja no canten els tords  
als rics camps que hi hagué un temps,  
i les cançons ja han callat  
als colls que foren alegres:  
i els crits de festa no grimpen  
pels vessants rostos amunt,*

e só debulla a curuxa  
súa ladaíña con teima,  
e soio o sapo asubía  
agachado na lameira,  
e só o moucho anda a levar  
conta de dores e penas.

De novo os lobos da xente  
andan ceibes pola Terra,  
pero agora son más feros  
teñen a entraña más preta  
e más cobiza de sangue  
que os lobos da anterga lenda.  
Vein a centos, en falanxes,  
coma cobarde morea.  
Mártires das nobres causas,  
xentes de concencia ergueita  
caien, de cote feridos,  
polas bocas sanguíñentas.  
De novo os lobos da xente  
corren ceibes pola Terra...  
Froración de sangue nobre  
é o ronsel da súa carreira!

*Cancioneiro da loita galega (1943)*

*i només l'òliba esgrana  
sa lletania, tenaç,  
i només el gripau xiula  
amagat al fanguissar,  
i és només el mussol qui  
recompta dolors i penes.*

*Altre cop els homes llop  
corren lliures per la Terra,  
però ara són més ferotges  
tenen l'entranya més negra  
i cobegen més la sang  
que els llops d'antiga llegenda.  
N'hi ha a centenars, en falanges,  
com una covarda colla.  
Màrtirs de les causes nobles,  
gents de consciència recta,  
van caient, seguit, ferits,  
per les boques sanguinoses.  
Altre cop els homes llop  
corren lliures per la Terra...  
Floració de noble sang  
és el rastre del seu pas!*

Cancioneiro da loita galega (Cançoner de la lluita gallega), 1943

## ALEXANDRE BÓVEDA

Acesa luz dun malogrado abrente,  
circio mestre, de circia mocedadade,  
siso, pulo, paixón, saber, bondade,  
corazón xeneroso, limpa mente.

Barudo paladín na loita urxente  
-viñera o tempo da maturidade-,  
man na fouce, segache a nosa herdade,  
á chamada dos bardos obedente.

A túa vida foi curta e non puideche  
cumprir daqueles o mandato intiero,  
mais, ao dar o teu sangue, ti soupeche,

mártir e loitador, trunfar da morte  
e conqueri-lo posto de guieiro  
da Galiza inmortal, esgrevia e forte!.

*Cancioneiro da loita galega (1943)*

ALEXANDRE BÓVEDA

*Encesa llum de malaguanyada alba,  
íntegre mestre de joventut íntegra,  
seny i rauxa, passió, saber, bondat,  
un cor ben generós, i neta ment.*

*Valerós paladí en la lluita urgent  
–era ja el temps de la maturitat–,  
la mà a la falç, vas segar el nostre camp,  
a la crida dels bards obedient.*

*Tingueres vida curta i no pogueres  
complir, d'aquells, el seu mandat sencer,  
però, en donar la teva sang, saberes,*

*lluitador i màrtir, dominar la mort,  
i conquerir el lloc de guiador  
de la immortal Galícia, dreta i forta.*

*Cancioneiro da loita galega (Cançoner de la lluita gallega), 1943*

## BOCARRIBEIRA VALDEORRESA

Espiu o monte a mortaxa.  
Cataléptico do inverno,  
volta á vida na Coresma  
e viste de nazareno.

(Cantariñas costureiras  
con agarimo teceran  
o manteliño morado  
co que se enfeitizou a serra).

Por fuxir do sol, a neve  
agachouse antre as silveiras  
trocáronse en brancas frores  
as revoantes folerpas.

Os regueiros por quenceren  
do aterecer das xiadas  
andan ás pinchacarneiras  
polas encostas e as fragas.

Cal na teima dunha apostा  
pra ver quen rube máis alto,  
hortos bacelos e soutos  
gateñan polos sucalcós.

As cerdeiriñas, louzanas  
mozas do día de festa,  
na verde orella penduran  
roxos brincos de cireixas.

## RIBERAL DE VALDEORRAS

*S'ha tret la mortalla el camp.  
Catalèptic de l'hivern,  
torna a viure per Quaresma  
i es vesteix de natzarè.*

*(Costureres cantadores,  
amoroses, han teixit  
la mantellina morada  
amb què la serra ha guarnit).*

*Per fugir del sol, la neu,  
s'ha amagat als esbarzers  
i s'han tornat blanques flors  
els borrallons volanders.*

*Els rierols, per calfar-se,  
dels grans freds enrederats,  
baixen tot fent tombarelles  
pels vessants i els roquissars.*

*Com enderiats d'una apostà  
per qui grimpa fins a dalt,  
horts, mallols i castanyedes  
ja s'enfilen pels bancals.*

*Els cirerers, ufanosos,  
noies del dia de festa,  
a la verda orella es pengen  
rojos penjolls de cireres.*

As velliñas caracochas  
coa primadeira tolean  
e, de perifole, poñen  
fios de ouro nas candeias.

Embaixo, o río, prisioeiro  
antre as penas, nun caborco,  
chouta por unha fervenza  
pra saír do calabouzo.

E sen medo a se esfragare,  
bota a fuxir ás carreiras  
cara os vieiros do mar  
a embarcare pra as Américas.

*Galicia infinda (1963)*

*Els castanyers més vellets  
per primavera embogeixen  
i de guarniment es posen  
filets d'or a les candeles.*

*A sota, el riu, presoner,  
entre roques d'un congost,  
salta per una cascada  
per sortir del calabós.*

*I, sense por d'estimbar-se,  
s'esmuny ben a la carrera  
cap als viaranys del mar  
a embarcar-se a les Amèriques.*

*Galicia infinita (Galicia infinita), 1963*

## OS GAITEIROS DE MONTGOMERY

Gaiteiros de Montgomery, irmáns na raza anterga:  
Un ensoño saudoso de verdes e de névoas  
-druídicas lembranzas, follosas carballeiras-  
ao deserto, adugades, de queimantes areias.

Netos d'El-Rei Artur, o da varuda lenda,  
o da táboa redonda, de tradición enfesta,  
en tempo de alborada, con ares de muiñeira,  
o Atlántico levades á enxoita moura terra.

O Atlántico alteiroso de frondentes ribeiras  
-berce a arrolar outrora razas circias e rejas;  
alcouve de guerreiros de alma sempre ergueita-  
que Breogán, noso pai, coas súas proas fendera.

Dos salseiros e vagas, das bruantes tormentas,  
dos carreiros de escuma que a América avencellan  
e inquedos verdes agros, lecer para as sereias,  
solar onde percuran a Atlántida as estrelas.

O Atlántico levades e con el ás irtas terras  
de historia carregadas que o mar crásico berza,  
de vida ceiba e nobre unha baril promesa  
e a semente espallades da liberdade esgrevia.

Saúdo de agarimo pra vós, gaiteiros celtas,  
homes lanzais e fortes de louras cabeleiras,  
oasis de saudade na Cartago deserta:  
Gaiteiros de Mongómery, irmáns na raza anterga!

## ELS GAITERS DE MONTGOMERY

*Sou, gaiters de Montgomery, germans de raça antiga:  
un somni melangió de boires i de verds  
-recordances druídiques, rouredes ufanoses-  
porteu cap al desert, d'abrasadores sorres.*

*Sou nets del rei Artur, de valor llegendari,  
de la taula rodona, de brava tradició,  
quan feu sonar la gaita, amb aires de muinyera,  
porteu cap a l'eixuta, fosca terra, l'Atlàctic.*

*L'Atlàctic orgullós de frondoses riberes  
-bressol que va gronxar races fortes i íntegres;  
és planter de guerrers d'ànima sempre ferma-  
que Breogan, nostre pare, amb ses proes solcà.*

*De bromeres i onades, de remor de tempestes,  
dels camins de l'escuma que ens lliguem amb Amèrica  
i de camps verds inquiets, esplai per a sirenes,  
solar on van cercant l'Atlàntida els estels.*

*Us emporteu l'Atlàctic i, amb ell, les ertes terres  
carregades d'història que el mar clàssic bressola,  
de vida lliure i noble una promesa enèrgica  
i la llavor escampeu de la llibertat digna.*

*Un salut us envio, d'afecte, gaiters celtes,  
homes esvelts i forts de rosses cabelleres,  
oasis d'enyorança a Cartago deserta:  
Oh, gaiters de Montgomery, germans de raça antiga!*

## A GALEGA EN PARÍS

A mocía galega, que chegou a París  
en longa *promenade* da aldea ao bulevar,  
garda, baixo da tona do seu francés pavero,  
todo o espírito da Terra, todo o celme aldeán.

Seu mundo de arrestora é tamén verdecente,  
con xente branca e loura e só de estraña lingua,  
mais, pra sentirse a xeito e vivir súas lembranzas,  
ouvir, lle cómpre, a gaita na feira da Bastilla.

Inda que, engaiolada de París polo engado,  
pode ter *randevús* na porta do *metró*,  
pode troular nas rúas o catorce de xullo,  
da señardade, a espiña, leva no corazón.

A galega, en París, baila o valse museta,  
na gangueta rebulda, se *amusa* ao *Luná-Park*.  
E un *copén* do *cartier*, *garsón de pharmasi*,  
nos seráns de *conxé* a leva ao *sinemá*.

Mais de noite na *chambre* ten *rêves* do seu pobo  
-os eidos non esquece, nin o cheiro das mazás-  
e pensa no mocíño, e dálle a derradeiro  
*tangó* de Tino Rosi, recendos de alalá.

## LA GALLEGA A PARÍS

*La noieta gallega, que ha arribat a París  
en llarga promenada del poble al bulevard,  
guarda, sota la capa del seu francès graciós,  
tot l'esprit de la Terra, l'essència de l'aldea.*

*El món que ella té ara també és ben ufanós,  
amb gent que és blanca i rossa, només d'estranya llengua,  
però per estar a gust i viure els seus records,  
sentir, li cal, la gaita, de festa a la Bastilla.*

*Captivada, però, de París per l'encís,  
pot tenir randevús al costat del metró,  
pot fer gresca el catorze de juliol als carrers,  
de la nostàlgia, porta l'espina al cor clavada.*

*La gallega, a París, balla el vals de Musetta,  
a la gangueta juga, s'amusa al Luná-Park.  
I un copén del cartier, garson de pharmasí,  
als vespres de conxé la porta al sinemà.*

*De nit, però, a la chambre té rêves del seu poble  
–no sòblida dels camps, ni del perfum de pomes–  
i pensa en el xicot, i li porta el darrer  
tangó de Tino Rosi aromes d'alalà.*

## PARICUTÍN

Uruapan. Tras dos outeiros  
Xurdiu o Paricutín,  
Pra que os *gringos* barulleiros  
Poidan vir matar o *esplín*.

En *tecnicor* un *romance*  
Pé do mexicán volcano  
Que, pra ao turismo *dar chance*,  
Aínda bota fume este ano.

## *PARICUTÍN*

*Uruapan. Rere els turons  
va sorgir el Paricutín,  
perquè els gringos sorollosos  
hi puguin matar l'esplín.*

*En Technicolor, un romance  
sota el mexican volcà  
que, per dar chance al turisme,  
encara fa fum enguany.*

## ATOTONILCO

Atotonilco, febreiro,  
Terra vermella, laranxas,  
As ágaves nas encostas  
Están en terza parada.  
Van nun ronsel poeirento  
Por mor de salva-la ialma,  
Pra San Xoán os pelegríns.  
E pola noite, na praza,  
Hai nos loureiros das Indias  
Consello de *chachalacas*.

*Galicia infinda* (1963)

## ATOTONILCO

*Atotonilco, febrer,  
Terra vermella, taronges.  
Atzavares, als vessants,  
que estan per passar revista.  
Van, per un solc polsegós,  
per mirar de salvar l'ànima,  
per Sant Joan els pelegrins.  
I, ja a la nit, a la plaça,  
Hi ha, en els llorers de les Índies,  
un consell de chachalacas.*

*Galicia infinda (Galicia infinita), 1963*

## HAI SEDE NA NOVA GALICIA...

Sede nos ermos outeiros  
e nas poeirentas chairas,  
nos arpados nopaleiros,  
sede nas enxoitas airas.

Nas lagoas enlamadas  
de arneiro xabre cinguidas.  
Sede nas irtas valgadas.  
Sede nas terras ispidas.

Sede nas mortas aldeias,  
nas congostras, nos carreiros,  
e nas queimantes areias  
dos escoados regueiros.

Nas árbores esfolladas  
que erguen, en mudo queixume,  
súas ponlas estordegadas,  
fogueiras a arder sen lume.

Sede o coiote ouveante,  
sede a cobra pezoñenta,  
de axóuxere alporizante  
e sede a iguana cincenta.

Os carneiros trosquiados,  
o armentío famento,  
os pegureiros coitados...  
Sede, universal tormento!

## *HI HA SET A LA NOVA GALÍCIA...*

*Hi ha set als erms dels turons  
i a les planes polsegoses,  
set també als nopalos arpats,  
set a les eres eixutes.*

*A les llacunes fangoses  
de sorra eixorca envoltades.  
Set a les clotades aspres  
i a les terres despullades.*

*Set a les aldees mortes,  
a les trilles, als corriols,  
i a les arenes ardents  
dels escolats rierols.*

*Set als arbres esfullats  
que alcen, en callada queixa,  
les seves branques retortes,  
fogueres cremant sens foc.*

*Set el coiot udolaire,  
set la cobra metzinosa,  
de picarol enervant  
i set la cendrosa iguana.*

*Els marrans de llana tosa,  
la vacada famolenca,  
els dissortats armenters...  
Set, turment universal!*

Da teixa, enrugada terra,  
do azur, decote a brilar,  
do vento ardente que berra,  
da natureza a esligar!

Os remuíños inxentes  
-como brasfemias ou pregos-,  
cara aos ceios incrementes  
ruben nun pulo dos regos.

Sede en min nunca amatada,  
sede en min xamais dormida,  
da verde Terra arelada,  
a das choivas benquerida.

*Galicia infinda (1963)*

*De la fosca terra amb rugues,  
de l'atzur, sempre brillant,  
del vent xardorós que crida,  
de la vida assedegada!*

*Les ingents remolinades  
–com blasfémies o com precs–,  
grimpen als cels inclemnts  
fent un salt des dels rierols.*

*Set en mi mai apagada,  
set de l'anhelada Terra,  
verda, en mi mai adormida,  
la dels ruixats benvolguda.*

*Galicia infinita (Galicia infinita), 1963*



*Esta plaquette rematouse de imprentar na mañá do  
14 de maio de 2022, cando se cumplen 35 anos da  
morte de Florencio Delgado Gurriarán en Fair Oaks  
(California)*

A handwritten signature in black ink, appearing to read "Florencio Delgado Gurriarán". The signature is fluid and cursive, with some loops and variations in letter height.

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN (1903-1987) és el poeta més destacat de l'exili galleg a Mèxic. Autor de poemes centrats en el cant a la seva comarca de Valdeorras abans de la guerra, la celebració de l'entorn natural cedeix protagonisme al vi com a fruit de la terra i símbol del flux que circula contínuament del subsol a l'alè vital dels seus habitants. Aquesta concepció de la vida com a immersió en un ecosistema es manifesta també a l'exili i dona lloc als poemes mexicans. Les accions humanes només sorgeixen amb força, durant el parèntesi de la guerra, als cants del *Cancioneiro da loita galega* (*Cançoner de la lluita gallega*) de 1943, tant per celebrar l'heroisme de les víctimes, amb la seva rotunda bellesa com la dels arbres caiguts, com per denunciar la bestialització dels botxins.

CHAV  
DA  
PÓLVORA  
editora



UNIVERSITAT de  
BARCELONA

Estudis Gallegos i Portuguesos



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE